“Ti dis: Galicia é ben pequena. Eu dígoche: Galicia é un mundo. Cada terra é como se fora o mundo enteiro. Poderala andar en pouco tempo do norte para o sur, do leste para o oeste noutro tanto; Poderala volver andar outra vez e máis; non a has dar andado. E de cada vez que andes, has atopar cousas novas [...] Pode ela ser pequena en extensión; en fondura, en entidade, é tan grande como queiras...” VICENTE RISCO

www.turgalicia.es

Cubertas: Barro Salgado Santana [Grupo Revisión Deseño]

IBERIA

XACOBEO Galicia

TURGALICIA
Dirección Xeral de Turismo

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, COMUNICACIÓN SOCIAL E TURISMO

Galicia

rías galegas

Galicia pórtico de la gloria

200 100 40 20 10 5 0 100 200 300 400 500 600 700 800 900 1000 1100 1200 1300 1400 1600 1800 2000 metros

Capital de municipio
Parroquia
Outras poboacións

Autoestrada
Autovía
Rede de estradas do Estado
Rede de alta capacidade
Rede autonómica básica
Rede autonómica complementaria
Rede autonómica secundaria
Rede provincial
Outras estradas
FF.CC. vía ancha
FF.CC. vía estreita

Xacemento arqueolóxico
Conxunto histórico
Castelo
Torre
Pazo
Ponte
Catedral
Mosteiro
Basílicas, igrexa de interese
Museo
Porto con instalacións náuticas
Outros portos
Outras instalacións
Faro
Aeroporto

OFICINAS DE TURISMO DA XUNTA DE GALICIA

A CORUÑA

A Coruña:
Dársena de la Marina, s/n
15001 A Coruña
T.: 981 22 18 22

Ferrol:
Edfo. Admtvo. Praza Camilo José Cela
Esq. Rúa de Vigo
15402 Ferrol
T.: 981 31 11 79 / 981 33 71 31

***Ribeira:**
Avda. do Malecón, 3
15960 Ribeira
T.: 981 87 30 07

Santiago de Compostela:
Rúa do Vilar, 43
15705 Santiago de Compostela
T: 981 58 40 81

LUGO

Lugo:
Praza Maior, 27-29 (Galerías)
27001 Lugo
T.: 982 23 13 61
Ribadeo:
Praza de España, s/n
27700 Ribadeo
T.: 982 12 86 89

OURENSE

Ourense:
Edfo. "Caseta do Legoeiro"
Ponte Romana
Enlace N-120 con Rúa Progreso 32003
Ourense
T.: 988 37 20 20

***A Gudiña:**
Crta. Nac. 525, km. 130,8
32540 A Gudiña

***O Carballiño:**
Avda. Campo da Feira, 17
32500 O Carballiño
T.: 988 27 07 92

PONTEVEDRA

Pontevedra:
Rúa Gutiérrez Mellado, 1-baixo
(Entrada galerías) 36001 Pontevedra
T.: 986 85 08 14
Tui:
Edfo. Sampaio, ala derecha.
Rúa Colón - 36700 Tui
T.: 986 60 17 89

Vigo:
Avda. Cánovas del Castillo, 22
36202 Vigo
T.: 986 43 05 77

Vilagarcía de Arousa:
Rúa Juan Carlos I, 37-baixo
36600 Vilagarcía de Arousa
T.: 986 51 01 44

MADRID
C/ Casado del Alisal, 8
28014 Madrid (España)
T.: 91 595 42 14

BUENOS AIRES
Bartolomé Mitre 2550
C1039AAP Buenos Aires (Argentina)
T.: (5411) 4951-6671
(5411) 4952-3993

** Abiertas en los meses de julio, agosto y septiembre*

OUTROS ORGANISMOS

Dirección Xeral de Turismo:
(Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo. Xunta de Galicia)
Praza de Mazarelos, 15
15705 Santiago de Compostela
(A Coruña)
T.: 981 54 63 51 - F.: 981 54 63 56

Servicio Provincial de Turismo de A Coruña
Praza Luis Seoane, s/n.
Edificio Servicios Múltiples
15008 A Coruña
T.: 981 18 46 80 - F.: 981 18 46 78

Servicio Provincial de Turismo de Lugo
Edificio Administrativo da Xunta de Galicia
Ronda da Muralla, 70-4ª planta
27003 Lugo
T.: 982 29 42 97 - F.: 982 29 42 38

Servicio Provincial de Turismo de Ourense
Avda. de la Habana, 79-4º
32004 Ourense
T.: 988 38 60 41 - F.: 988 38 60 43

Servicio Provincial de Turismo de Pontevedra
Rúa Benito Corbal, 47-3º
36001 Pontevedra
T.: 986 80 55 73 - F.: 986 80 55 75

TURGALICIA
Dirección Xeral de Turismo

Estrada Santiago-Noia, Km. 3 - A Barcia
15896 Santiago de Compostela
A Coruña - España
T.: 902 200 432 - F.: 981 53 75 88
http://www.turgalicia.es
e-mail: turgalicia@xunta.es

Textos: **Augusto Pérez Alberti, Xosé Ramón Barreiro Fernández** - Fotografías: **Archivo Turgalicia, Jesús Caínzos López, Nano Cañas, Antonio Garrido, Nacho Gómez, Moncho L. Sabín, Carlos Puga, Carlos R. Prieto, Mark Ritchie, Carlos Rodríguez, Paolo Tiengo, José V. Caruncho** - Producción: **Ferramulín Ediciones** - Deseño e realización: **Miguel Aroca - Agustín Sánchez** - Traducciones: **XLATIONS - FM, S/L, Celia Rozas Donsión** - Impreso en España - D. L.: PO-96/2004

índice

4 Introducción
6 Rías Baixas
8 Ría de Vigo
12 Ría de Pontevedra
16 Ría de Arousa
20 Ría de Muros e Noia
24 Rías da Costa da Morte
26 Ría de Corcubión
28 Ría de Camariñas
30 Ría de Corme e Laxe
32 Golfo Ártabro
34 Ría da Coruña
38 Rías de Ares e Betanzos
42 Ría de Ferrol
46 Rías Altas
48 Ría de Cedeira
50 Ría de Ortigueira
52 Ría do Barqueiro
54 Ría de Viveiro
56 Ría de Foz
58 Ría de Ribadeo

Desembocadura Río Miño, A Guarda (Pontevedra)

Caión (A Coruña)

AS RÍAS GALEGAS

O trazo máis singular da costa de Galicia é a presenza das rías. Trátase de brazos de mar que se introducen no continente creando un litoral recortado. Na súa xénese, unhas víronse favorecidas pola existencia dunha intensa rede de fracturas de esgazadura que facilitaron a penetración do mar e que marcaron o seu deseño, no caso das Rías Baixas; outras, correspóndense coa parte inferior de antigos vales fluviais anegados, como sucede coas de Ortigueira, Ribadeo, Foz ou Ferrol e, unhas terceiras, como a ría de Arousa, son antigas foxas tectónicas. Todas conteñen no seu interior unha ampla gama de paisaxes, que son froito tanto dos factores do medio natural coma, de xeito especial, do labor secular dos homes e das mulleres ao longo da historia.

A diversidade do rochedo, que introduce numerosos matices nas paisaxes galegas, nas das rías adquire trazos peculiares. Tanto o granito como as rochas louseñas ou xistosas ofrecen unha tonalidade distinta na beira do mar, especialmente polo serán, cando o sol se oculta no horizonte creando unha auténtica cabalgata de cores, de tonalidades, de ambientes... As cores avermelladas do crepúsculo crean un escenario máxico ao fundirse coas tonalidades alaranxadas que adquiren certos tipos de granitos ou cos tons prateados das lousas.

Pero non só a rocha se converte en protagonista na costa. Tamén o fai o clima, que se materializa, en calquera estación, en días de luz diáfana, brillante, que resalta as formas, mostrándollas ao visitante ou, especialmente durante o outono e o inverno, en días cubertos dunha capa nebulosa que, ao esvaelas, xera ambientes misteriosos, cheos dunha teatralidade e dunha beleza que non pode menos ca impresionar o visitante. Por iso, as rías son dignas de seren visitadas en calquera época do ano.

Non obstante, as paisaxes das rías non se explican unicamente en clave natural. É necesario facelo en clave humana, analizando o labor modificador de séculos de historia de labrar a terra, de aproveitar os recursos do mar, de construír aldeas, vilas e cidades na franxa marítima, de trazar camiños e portos, sendeiros e campos de cultivo. Un labor de séculos de loita e dependencia dos recursos e, ao mesmo tempo, de domesticación do natural, que trouxo consigo un amplo mosaico de estampas cromáticas.

Esta simbiose entre o home e o seu medio creou, sen dúbida, algo irrepetible: unha sociedade que construíu durante miles de anos para si un mundo distinto, un mundo mítico-máxico, presente en lendas e tradicións, en festas relixiosas ou pagás. Un mundo vertebrado por un discurso e un idioma propio que, indisolublemente unido a unha natureza privilexiada, sobreviviu ata hoxe.

Porque os galegos souberon extraer da terra e do mar, as súas dúas despensas, os máis exquisitos produtos: unhas oitenta variedades de peixes, unha ducia de variedades de crustáceos, máis do dobre de moluscos de cuncha, quince variedades de carne, sen contar a caza, a ducia e media de variedades de verduras e hortalizas, a ducia de variedades de viño, froitas, etc.

Dentro desta Galicia única, pero plural nos seus hábitos, espazos e costumes, as rías ofrecen posiblemente a aventura máis gozosa para o viaxeiro. Ao longo dos 1.400 quilómetros de costa existen quilómetros de areais (772 praias) ou de espectaculares tramos acantilados, que se converten na porta de entrada da Galicia máis profunda. Porque as rías galegas son camiños do mar que conflúen sempre en camiños da terra, ás veces anchos —en forma de autoestradas, autovías ou estradas—, pero ás veces simples sendeiros de a pé, que conducen o visitante atento e curioso ás humildes casas campesiñas e mariñeiras ou aos suntuosos pazos de aldea, ás pequenas capelas ou aos monumentais mosteiros, ás festas e bailes populares; en fin, á Galicia misteriosa.

Non se pode esquecer, por outra parte, que en Galicia nin a terra nin o mar foron nunca fronteiras. Dende o século IX, o Camiño de Santiago, o Camiño Francíxeno das Crónicas ensinounos que é a hospitalidade, e nesta escola de afecto e xenerosidade vivimos durante máis de mil anos. Este sentimento hoxe está racionalizado, convertido en infraestruturas, industrias e servizos, pero mantén na maioría dos casos o aroma da vella hospitalidade.

Os galegos, institucionalmente ou de forma privada, realizaron un grande esforzo pensando no visitante para poder ofrecerlle unha ampla gama de hoteis, balnearios ou casas de turismo rural, portos deportivos, campos de golf ou espazos para congresos.

Todo iso para que os que nos visiten gocen dunha terra privilexiada, dun auténtico PÓRTICO DA GLORIA.

Illas Cíes, Parque Natural das Illas Atlánticas (Pontevedra)

Illa de San Simón; Ponte de Rande (Pontevedra)

Rías Baixas

As denominadas Rías Baixas encadéanse entre Baiona e Fisterra. Son as de maior extensión e as que, dun xeito uniforme, se alongan de suroeste a nordés. Trátase das rías de Vigo, Pontevedra, Arousa e Muros-Noia.

No seu litoral recortado, os tramos de costa acantilada, rochosa e bravía encadéanse con amplos areais, aos que se pode acceder dende terra, seguindo a ampla rede de estradas, ou dende mar, aproveitando os numerosos portos.

Dende o punto de vista climático, cómpre salientar a existencia de temperaturas suaves durante boa parte do ano e a abundancia de precipitacións ao longo do outono e do inverno. Iso propicia o desenvolvemento de amplas masas forestais que zumegan verdor e que o viaxeiro observa á primeira vista.

O territorio existente nas ribeiras descomponse, deste xeito, en extensos espazos cubertos de árbores que se engarzan con campos de cultivo nos que as árbores froiteiras, as hortalizas e os viñedos rodean aldeas, vilas e cidades, xerando unha paisaxe alegre e variada.

Á riqueza e variedade do seu medio natural hai que engadir a ampla gama de produtos do mar ou da terra, de peixes, mariscos e viños, que fan a delicia de calquera gastrónomo e que se poden degustar tanto nas cidades máis importantes, como Vigo ou Pontevedra, coma nas numerosas vilas mariñeiras.

O amante da arte atopará nas Rías Baixas numerosos lugares nos que se deter: castros, igrexas románicas, góticas ou barrocas. Tamén poderán ser visitados, en función do tempo do que se dispoña, pazos ou magníficos museos, como os que se atopan en Pontevedra, Vigo ou Bueu.

Ademais, as festas e romaxes que se suceden ao longo do ano, especialmente durante o verán, permitiranlle ao visitante internarse no máis profundo das tradicións e das crenzas galegas.

Portonovo, Sanxenxo (Pontevedra)

Hórreos, Combarro, Poio (Pontevedra)

Louro, Muros (A Coruña)

Parque Natural de Corrubedo (A Coruña)



Dolmen de Axeitos, Ribeira (A Coruña)

Ponte, Pontevedra

Cruceiro do Hío, Cangas (Pontevedra)

Museo do Mar, Vigo (Pontevedra)

Vista aérea dende mar aberto (Illas Cíes)

Ría de Vigo

A ría de Vigo estírase de suroeste a nordés, a xeito de lanza mariña que se vai estreitando a medida que camiñamos cara ao interior. Presenta, non obstante, unha acusada diferenza respecto doutras rías do sur de Galicia. Mentres que as de Muros, Arousa ou Pontevedra se estreitan no seu fondo, a de Vigo faino en Rande, para volverse abrir de novo formando a enseada de San Simón, coa illa do seu nome unida á terra durante a baixamar por unha frecha de area.

Á entrada da ría de Vigo, a xeito de tres naves pétreas varadas no océano, atópanse as illas Cíes que, xunto ás illas de Ons, á illa de Sálvora, e á illa de Cortegada, forman o Parque Nacional das Illas Atlánticas.

Illa do Faro dende Punta Príncipe (Illas Cíes)

Illas Cíes, Vigo (Pontevedra)

Illote Boeiro, O Agoeiro-Cíes e cara sur Illa San Martiño

Templo Votivo do Mar, Nigrán (Pontevedra)

Baiona (Pontevedra)

As Cíes presentan formas diferenciadas de oeste a leste. Cara ao poñente aparece unha liña de costa brava, inaccesible, con impresionantes acantilados nos que se abriron numerosos entrantes e covas (furnas) e nos que aniña unha gran cantidade de fauna. Pola contra, cara ao interior da ría o relevo é máis suave, as pendentes son menores e iso propiciou a xénese de fermosas praias, nas que se mestura a area cos restos de cunchas. É precisamente neste sector protexido onde se poden admirar interesantes mostras da flora atlántica, destacando a camariña.

As Cíes, ás que poden acceder dende Vigo un número limitado de persoas, non só destacan polo seu interese natural, senón que, en certa medida, protexen a ría dos tormentosos temporais atlánticos, permitindo que numerosas bateas habiten as súas augas.

A ría de Vigo, debido á súa privilexiada localización, acubilla non só a cidade que lle dá nome, un dos mellores portos de Europa, senón outros lugares que atesouran unha longa historia. Non se pode esquecer que a ría foi eixe comercial dende os tempos prehistóricos.

Praia América, Nigrán (Pontevedra)



Praza de Europa, Vigo (Pontevedra)

Ría de Vigo

Dicía o viaxeiro G. Borrow que Vigo era a feliz combinación dunha baía "que non ten comparanza no mundo". O desenvolvemento sufrido a partir de finais do século dezanove trouxo consigo a xénese dunha ampla infraestrutura industrial marítima —estaleiros, fábricas de conserva, porto pesqueiro, etc.— que a converteu na máis poboada de Galicia. Conta con espléndidos parques, museos —contemporáneo, do mar, zoolóxico...— e praias. Conserva a pequena e mariñeira zona vella do Berbés, en vías de rehabilitación, e o parque de Castrelos que é, sen dúbida, o máis fermoso parque urbano de Galicia. Neste recinto está situado o Pazo Museo de Quiñones de León, hoxe museo municipal.

Na marxe sur da ría de Vigo ábrese a enseada de Baiona, na que desemboca o río Miñor. Nos seus extremos atópanse os portos de Panxón e Baiona, enlazados polos areais da Ramallosa e Praia América. En Baiona, hoxe centro turístico de primeira orde, durante varias centurias concentrouse o comercio, ata que se produciu o desenvolvemento espectacular de Vigo. Foi centro mercantil moi importante durante a Idade Media e segue a ser un dos refuxios máis coñecidos e frecuentados polas embarcacións que bordean o litoral de Galicia.

Praia de Barra, Cangas (Pontevedra)

Ría de Vigo



Ponte Sampaio, Pontevedra

En marzo de 1493, arribou á vila a carabela *La Pinta*, ao mando de Pinzón, e pilotada polo pontevedrés Sarmiento. No seu interior hai igrexas fermosas, das que destaca a antiga colexiata.

Na marxe setentrional da ría atópase Cangas, unha vila de forte impulso económico que aínda conserva o tipismo tradicional das súas rúas e vellos costumes, o mesmo ca Moaña, outra fermosa estampa mariñeira.

Cara ao nordés, a ría estréitase en Rande, onde é atravesada pola autoestrada que une Vigo co norte de Galicia, gracias a unha espectacular ponte tensada, a xeito de gran batea, que se funde harmoniosamente coas que cobren a superficie mariña do seu contorno. Ao traspasar Rande atopámonos con Redondela, vila marcada polo ferrocarril e polas súas pontes de ferro.

E, ao fondo da ría, aséntanse Ponte Sampaio, nome de resonancias liberadoras pola batalla que acabou co dominio francés en 1809, e Arcade, no seu tempo un dos viveiros de ostras de maior importancia en Europa.

Ría de Pontevedra

A ría de Pontevedra ábrese entre a punta de Cabicastro, situada ao oeste da praia de Canelas, ao norte, e a punta Centoleira, ao sur. O seu vértice máis oriental é máis difícil de marcar, debido á desembocadura do río Lérez, pero podemos situalo na cidade de Pontevedra, onde o río se une ao mar, a uns 14 quilómetros da boca da ría, cuxa forma é a doutra cuña perfecta de auga mariña que se incrusta no continente, seguindo a dirección suroeste-nordés.

Relativamente preto da costa, na entrada da ría de Pontevedra, sitúanse as illas Ons, que foron habitadas dende a antigüidade. De formas máis suaves cás Cíes, as Ons presentan igual que aquelas un perfil litoral contrastado, menos abrupto cara ao interior da ría, mentres que dominan os acantilados cara ao oeste, nos que de novo atopamos furnas, como a espectacular Cova do Inferno. E, ao igual que nas Cíes, en Ons a fauna atopa un lugar privilexiado. Pero nas Ons a presenza humana foi historicamente maior, xa que estivo habitada ata os anos cincuenta do século vinte. Actualmente, a maior parte da poboación vive na illa unicamente no verán.



Portonovo, Sanxenxo (Pontevedra)



Paso entre as illas de Ons e Onza

Combarro, Poio (Pontevedra)

Na ría de Pontevedra e nas súas ribeiras, a arte e a historia combínanse para pracer do viaxeiro. Nas súas marxes sitúanse cidades fermosas como Pontevedra; mosteiros, como o de Poio ou, un pouco máis afastado, Armenteira; vilas como as de Marín, que combina o seu destino militar coa pesca, ou Bueu, claramente pesqueira e marisqueira; centros turísticos e residenciais, como Sanxenxo, Portonovo ou San Vicente do Grove; vilas pintorescas, como Aldán, situada no fondo da súa pequena enseada, apéndice da de Pontevedra, Raxó, Combarro ou Mogor.

Faro e costa occidental da Illa de Ons

Ría de Pontevedra

Praza da Leña, Pontevedra

Ruínas de Santo Domingo, Pontevedra

Pontevedra, a capital provincial, é unha cidade equilibrada, sen xigantismos urbanísticos, que combina o encanto do pasado, na súa ampla parte antiga felizmente respectada, co desenvolvemento actual. No seu interior aparecen fermosas igrexas, como as ruínas de San Domingos, San Francisco, Santa María a Maior, A Peregrina e o Museo Provincial que, posiblemente, sexa o máis visitado de Galicia pola riqueza dos seus fondos. Pontevedra foi a patria de grandes mariñeiros (Sarmiento, Nodales, etc.) que descubriron terras para España.

Moi preto atópase Marín, unha vila moderna, con apenas vestixios do pasado. Dende o cume do monte situado ás súas costas atópase un miradoiro, que permite contemplar as rías de Vigo e Pontevedra.

A riqueza en areais é grande dentro da ría, e destaca pola súa importancia turística Sanxenxo, cuxa poboación se multiplica no verán. Non obstante, as novas construcións varreron os restos da antiga poboación. Todo é moderno.

Sanxenxo (Pontevedra)

A Peregrina (Pontevedra)

Vista aérea, A Lanzada (Pontevedra)

Todo o contrario aconteceu na praia da Lanzada, un areal de máis de catro quilómetros, pertencente aos concellos do Grove e Sanxenxo, onde a rexeneración do sistema dunar propiciou a pervivencia dunha das praias máis visitadas en Galicia. Asociada a ela aparecen fermosas lendas, como a dos baños das "nove ondas" para atopar parella ou asegurar descendencia. E, nos seus bordos, aparecen a ermida de Santa María da Lanzada e a torre da Lanzada, posible resto do antigo faro.

Máis cara ao oeste sitúase o Grove, unha vila que fixo da gastronomía mariñeira un culto que se pode "practicar" nas diferentes tascas, tabernas e restaurantes, que ofrecen os máis exquisitos mariscos e peixes.

E, a modo de apéndice, sitúase a illa da Toxa, un espléndido recinto que conta con magníficas instalacións hoteleiras, construídas a comezos de século. Nas noites da Toxa, dicía Álvaro Cunqueiro, "hai un silencio estraño e consolado, soamente turbado polo vento dos piñeiros ou polo mar que canta na veciña Lanzada".

Ermida da Lanzada

O Grove (Pontevedra)

Vista aérea, Vilanova de Arousa (Pontevedra)

Ría de Arousa

A ría de Arousa é a máis extensa das Rías Baixas. A súa boca ábrese entre as puntas Covasa, ao norte, e San Vicente, ao sur. Máis rectangular cás súas veciñas, debido á súa orixe de bloque afundido, ofrece formas contrastadas. Polo norte, limítaa nitidamente a serra da Barbanza e, polo sur, aparece bordeada polas suaves terras aplanadas do Salnés.

No seu interior son numerosas as illas e illotes de extraordinaria beleza, entre as que destaca a illa de Sálvora, na súa entrada, a Illa de Arousa, no seu sector central e a de Cortegada, no seu fondo, no contacto coa desembocadura do río Ulla, por terras de Carril. Precisamente, esta última foi doada a comezos do século XX para residencia do rei Alfonso XIII.

Rianxo (A Coruña)

Illa de Sálvora

O perfil sinuoso de Arousa propicia a existencia dun gran número de enseadas e penínsulas que favoreceron o asentamento de numerosas vilas mariñeiras, como Aguiño, Ribeira, A Pobra do Caramiñal, Boiro e Rianxo, na vertente norte; e Carril, Vilagarcía, Vilaxoán, Vilanova, Cambados e O Grove, na sur. Na confluencia co río Ulla, Catoira e, no centro da ría, a vila da illa de Arousa.

Pazo Torre Xunqueira, A Pobra do Caramiñal (A Coruña)

Atopámonos nunha área na que se combina a beleza natural co desenvolvemento económico, aínda que non sempre en harmonía coa arte e a tradición. Do primeiro son exemplo as súas illas, as súas numerosas praias, as serras do seu contorno, como a da Barbanza, ou os tramos inferiores dos ríos que desembocan na ría, como o das Pedras, o Ulla ou o Umia, sen esquecer o marabilloso complexo lagunar-dunar de Corrubedo, na actualidade parque natural, e que se atopa na península que separa as rías de Arousa e Muros-Noia.

A amplitude da ría de Arousa propiciou que dende antigo fose unha vía aberta ás invasións, como o demostran as Torres de Oeste, en Catoira, levantadas para a defensa do río Ulla do ataque dos normandos e dos árabes, pero tamén para o comercio.

Torres de Oeste, Catoira (Pontevedra)

Ría de Arousa

Dende o punto de vista económico, hai que salientar que a riqueza de Arousa non se reduce ao sector marisqueiro, á pesca, á acuicultura ou á industria conserveira. Tamén é de grande importancia o sector vinícola, onde destaca o Albariño, sen dúbida dos mellores brancos do mundo.

Primeiro Carril e, máis tarde, Vilagarcía de Arousa, foron localidades que coñeceron un desenvolvemento económico extraordinario, dado que actuaron como os portos de Santiago e das súas terras. Vilanova de Arousa e Cambados, na mesma ribeira sur, xunto con Rianxo, Boiro, A Pobra do Caramiñal e Ribeira, situadas na norte, desenvolvéronse máis recentemente.

Vilagarcía de Arousa é un importante porto comercial e pesqueiro de extraordinaria actividade económica, que relevou a inmediata Carril do papel promotor que exercera ata o século XIX. Centro neurálxico da comarca do Salnés, é famosa polo seu viño con denominación de orixe Rías Baixas.

No Salnés tamén sobresae Cambados, vila señorial na que se poden ver casas brasonadas ou a extraordinaria praza de Fefiñáns, flanqueada polo pazo dos Figueroa e a igrexa de San Benito, século XVI. Trátase dun lugar dos que se deben percorrer a pé para desfrutar del. Ademais, é a capital do Albariño.

Situada na ribeira norte, A Pobra do Caramiñal é unha vila señorial con casas brasonadas e castelos, como as Torres da Xunqueira. Flota sobre a vila a sombra inmortal de Valle-Inclán, o seu cantor.

E, na mesma ribeira, atopámonos con Santa Uxía de Ribeira, cidade de extraordinario pulo económico fundado no sector da pesca. No seu interior, conserva algúns restos da vella vila mariñeira, e moi preto atópase Corrubedo.

Cabío, A Pobra do Caramiñal (A Coruña)

Pazo Fefiñans, Cambados (Pontevedra)

Parque Natural de Corrubedo, Ribeira (A Coruña)

No parque natural de Corrubedo é posible observar a combinación de diferentes elementos. Bordeando o mar, a extensa praia, na que resaltan algúns cumes graníticos. Se camiñamos cara ao interior atopamos, en primeiro lugar, un sistema dunar fixado pola vexetación, no que resaltan formas pinaculares; despois, un amplo corredor intradunar e, a continuación, a duna móbil que, cun quilómetro de lonxitude e uns vinte metros de altura, se move ritmicamente impulsada polos ventos do suroeste e do nordés. Este xogo de ventos fai que a súa mobilidade se vexa circunscrita a un espazo moi concreto, sen que se produzan grandes desprazamentos.

Traspasada a duna móbil, esténdese, por un lado, un amplo manto eólico e, cara ao nordés, a área hidromorfa da lagoa de Carregal que, coa de Vixán, situada un pouco máis ao sur, se converten en lugares de grande interese faunístico, sobre todo ornitolóxico.



Parque Natural de Corrubedo, Ribeira (A Coruña)

Ría de Muros e Noia (A Coruña)

Ría de Muros e Noia

A ría de Muros e Noia alóngase, como o resto das Rías Baixas, en dirección suroeste a nordés, en forma de fenda aberta no medio de rochas graníticas. Ao analizala no seu conxunto, obsérvase con claridade un acusado contraste entre o seu sector setentrional, máis quebrado, con numerosos entrantes e saíntes, e o meridional, máis rectilíneo e aberto, de formas máis suaves.

As rochas graníticas condicionan a maior parte das paisaxes. Iso é perfectamente visible no sector de Baroña, na marxe meridional da ría, e no do monte Louro, na setentrional.

En Baroña, moi preto de Porto do Son, os muros de pedra do castro que alí se sitúan dende séculos, confúndense coas laxes abertas polo tempo. No monte Louro, próximo a Muros, unha extensa gama de formas xeométricas sobresaen nas abas, como se algún escultor as ordenase de xeito racional para que os amantes das camiñadas as contemplen. Aos seus pés, asociada a un extenso areal cuberto de dunas, o visitante pode admirar unha das lagoas costeiras máis fermosas de Galicia.

Lagoa de Louro, Muros (A Coruña)

Portada igrexa de San Martiño, Noia (A Coruña)

Na marxe setentrional da ría sitúase Muros e, no seu fondo, Noia. Trátase de dúas vilas señoriais construídas de pedra granítica, da mesma ou semellante, coa que as ondas e os ventos labraron as formas de Baroña ou Louro ou os sectores acantilados que bordean o mar.

Muros é unha localidade aberta ao mar dende as súas orixes medievais. Conserva o tipismo nas súas prazas e rúas, un magnífico templo parroquial é a antiga colexiata de Santa María.

O visitante atoparase con rúas estreitas e serpeantes que conflúen en pequenas prazas, ás que se asoman acolledores soportais. Ao deambular por elas pódese aprehender a calor da historia pasada, escrita por personaxes anónimos, por artistas, escritores ou pilotos.



Castro de Baroña, Porto do Son (A Coruña)

Vista aérea, Noia (A Coruña)

Louro, Muros (A Coruña)

Ría de Muros e Noia

No fondo da ría sitúase Noia. As raíces medievais tamén se manifestan na estrutura da vila: rúas estreitas, soportais, casas señoriais. A súa historia comezou cando Fernando II decretou o traslado da vila dende o lugar da Barquiña ao actual. A lenda, non obstante, di que foi Noé quen fundou a vila e iso quedou materializado no seu escudo. No seu interior destacan a igrexa de San Martiño, do século XV, ou o convento de San Francisco, ao lado da actual Alameda.

A ría, ademais, acolle nas súas beiras outros núcleos de interese. Na súa marxe meridional sitúase Porto do Son, fermosa vila que conserva gran parte do saber mariñeiro das súas xentes, e Portosín, co seu importante porto deportivo.

Muros (A Coruña)

Muros (A Coruña)

Portosín, Porto do Son (A Coruña)

Praia de Caión (A Coruña)



Illas Sisargas (A Coruña)



Punta Nariga, Malpica (A Coruña)

Rías da Costa da Morte

Máis alá da ría de Muros, de xeito especial ao norte de Fisterra, esténdese un tramo de costa brava e variada. No medio de tramos rectilíneos, nos que se encadean amplos areais, como Carnota, Razo, O Rostro ou Baldaio, álzanse esgrevios acantilados, como os de Cabo Vilán ou o Roncudo, ou pequenas rías, como as de Corcubión, Camariñas ou Corme e Laxe. Na fronte costeira, moi preto da terra, aséntanse illas, como as Sisargas.

O apelativo de Costa da Morte vén do tráxico feito de que centos de barcos encallasen nos seus baixos pedregosos, quedando sepultados polas súas augas. Iso motivou que un río de lendas sobre naufraxios perduren na memoria colectiva.

Nas súas praias pódese atopar aínda a soidade, cun mar bravío e forte como testemuña. As pequenas serras que se alzan na costa danlles acubillo a aldeas de beleza extraordinaria que, vistas dende lonxe, semellan minúsculas partículas de cor pintadas nas abas.

O viaxeiro que se achegue á Costa da Morte, ben por terra, ben por mar, atoparase cunha paisaxe marcada polos contrastes. Atopará pequenas rías ou minúsculas enseadas e amplos areais aos que se asoman impresionantes paisaxes pétreas, entre as que sobresaen o monte Pindo ou os montes de Traba. Camiñará por entre campos de millo que se envolven co seu manto de verdor, nos que sobresaen os hórreos, algúns de fermosa factura, como os de Carnota, Lira ou Moraime.

Ademais, o amante da natureza poderá admirar lagoas, protexidas por amplos complexos dunares, como as de Xuño, Traba ou Baldaio, cunha fauna e unha flora que as converten en lugares privilexiados.

Pero a Costa da Morte é tamén sinónimo de intensa relixiosidade, monopolizada pola Virxe do Carme, en todos e cada un dos portos mariñeiros, o Santo Cristo de Fisterra ou a Virxe da Barca, en Muxía. Folclore impregnado de ánimas en pena que deambulan sen pausa na busca do descanso eterno.

Malpica (A Coruña)

Lagoa e areal de Baldaio, Carballo (A Coruña)

Ría de Corcubión

A ría de Corcubión deseña unha forma de arco que se estira cara ao sur. Presenta unha forma aberta que é, en realidade, unha ampla enseada protexida polo apéndice pétreo do cabo Fisterra que, ao alongarse cara ao sur, pecha un espazo mariño.

As rochas graníticas volven condicionar a paisaxe. O rochedo maniféstase de xeito nítido e, ao mesmo tempo, cambiante. No monte Pindo dominan as formas labradas na rocha granítica, concretamente granodiorita. Sobre un poucos quilómetros, gradúanse en altitude cumes rochosos, simulando castelos rematados, laxes alongadas, cúpulas redondeadas, figuras de seres fantásticos, pedregais... Ademais, dende o seu cume, na Moa, a máis de 600 metros de altitude, contémplase unha vista incriblemente fermosa, coa aldea do Pindo aos seus pés e o cabo Fisterra, ao fondo.

No medio desta paraxe excepcional, precipítanse as augas do río Xallas. A Fervenza, en Ézaro, é sen dúbida un dos recantos máis espectaculares da costa galega. A construción de encoros preto da súa desembocadura permite vela en funcionamento algúns días ao ano pero, malia iso, pódese admirar un recanto de gran beleza.

Cara ao oeste, no cabo Fisterra, o granito é diferente e as formas tamén. A presenza do mar e do faro, que orienta con luces os navíos para evitar máis traxedias, creou un mundo de mitos e maxia que se dan a man no recinto de San Guillermo. Todo motiva que, como os antigos lexionarios de Roma, os viaxeiros que se achegan ata alí esperen o momento máxico no que aparece o "raio verde".

E, cara ao sur, a rocha destruída polo paso do tempo e transportada polas augas acumúlase no areal de Carnota, o máis extenso de Galicia, con oito quilómetros de lonxitude, que se estende entre as puntas de Caldebarcos e Nosa Señora dos Remedios. Praia e dunas pechan áreas hidromorfas como a boca do río, no que as formas graníticas sobresaen da auga.



O Pindo, Carnota (A Coruña)

Vista aérea de Corcubión e Cee (A Coruña)

Faro de Fisterra (A Coruña)

Carnota e Monte Pindo (A Coruña)

No Pindo e Fisterra materialízase a riquísima etnografía da comarca. O *Ara Solis*, lugar de adoración do Sol, a onde chegaron, segundo a lenda, as lexión romanas para ver morrer cada tarde o sol ou Duio, a antiga *Dugium*, coa súa lenda de horizontes de mar e cidade anegada polas augas, serven de exemplo.

Por outra parte, a permanencia de ritos de fertilidade en pedras de Fisterra —a fin da terra e o comezo do *Mare Tenebrosum* durante séculos de cultura— son trazos que falan da pervivencia das tradicións nestes lugares.

Pero a pedra transfórmase pola man do home. Froito deles son as pequenas aldeas que salpican o litoral, así como as vilas de Fisterra, Corcubión e Cee. Mariñeiras as dúas primeiras, industrial a terceira, conteñen no seu interior fermosos edificios nos que destacan as galerías acristaladas ou os edificios flanqueados por soportais.

Corcubión (A Coruña)

Hórreo de Carnota (A Coruña)

Ría de Camariñas

Ría de Camariñas (A Coruña)

Cabo Vilán, Camariñas (A Coruña)

Camariñas é un exemplo diferente de ría: pequena, recollida, apenas marcada no terreo. Os seus límites máis occidentais constitúenos dous saíntes pétreos: a punta da Barca, no seu vértice meridional, e o cabo Vilán, flanqueando a súa entrada polo norte. Cara ao interior, a ría vai perdendo os seus trazos mariños para, en Ponte do Porto, unirse mansamente coas augas do río Grande.

Na ría destacan os portos pesqueiros de Camariñas e Muxía, así como os restos da existencia do antigo porto de Ponte do Porto. Nas súas vilas pódense admirar toda unha extensa gama de vivendas, mariñeiras unhas, señoriais outras, nas que se combinan as rexas balconadas de ferro con galerías acristaladas, que sobresaen de muros pintados de mil cores —os mesmos cós barcos fondeados nos seus portos— que bordean estreitas e retortas rúas.

O mar imprégnao todo e, ata hai relativamente pouco tempo, era posible contemplar os restos de antigas tradicións, como curar o peixe ao sol. En cambio, a tradición do encaixe volveu rexurdir, e seguro que o viaxeiro que chegue con bo tempo

Camariñas (A Coruña)

Porto de Muxía (A Coruña)

Muxía (A Coruña)

Faro Vilán, Camariñas (A Coruña)

a estes lugares poderá contemplar as palilleiras movendo os palillos con auténtica mestría e ver como van crecendo, como por encanto, auténticas filigranas feitas con fío.

O folclore relixioso está monopolizado pola devoción á Virxe da Barca. No seu santuario, en Muxía, situado nun lugar marcado polo rochedo, fronte a un mar bravío —en calma uns días, enfurecido outros moitos— reúnense cada ano miles de romeiros que, ao tempo que se axeonllan ante a Virxe, seguen a tradición de pasar por debaixo da Pedra dos Cadrís ou de intentar mover a Pedra de Abalar, actualmente rota.

E se na punta da Barca domina o sagrado, no cabo Vilán, límite setentrional da ría, faino a natureza, os enormes farallóns acantilados que se internan no océano resistindo os embates da ondada e do vento. Dende o faro instalado neste lugar pódese admirar outra extensa gama de paisaxes mariñas marcadas polo azul do ceo, o rosado do rochedo e o branco amarelento dos areais. Un auténtico paraíso salvaxe.

Ría de Corme e Laxe

Ría de Corme e Laxe (A Coruña)



Ponte Pedrido, Paderne (A Coruña)

Traba, Laxe (A Coruña)

Viaxando cara ao norte, o viaxeiro atópase coa ría de Corme e Laxe que, a xeito de monstro prehistórico, cunha ampla cabeza e cola estreita e retorta, se interna polo curso inferior do río Anllóns.

Ao camiñar polas súas beiras, podemos admirar outro sector marcado pola verticalidade dunha costa acantilada, rochosa, labrada sobre granitos, coas súas formas caprichosas, que semellan ser esculpidas pola man paciente dalgún ser misterioso. Cilindros que se introducen nos penedos, ocos que asemellan pías de igrexa, niños que parece que foron labrados por mil avespas... aglutínanse para lle dar á paisaxe unha sensación de misterio neste tramo da Costa da Morte. O contorno de Roncudo, por exemplo, é un bo lugar para comprobalo e, ao mesmo tempo, para admirar unha paisaxe campesiña cabalgando sobre un acantilado marcado pola súa verticalidade.

Porto de Corme, (A Coruña)

Laxe (A Coruña)

As vilas de Corme e Laxe, dous importantes portos pesqueiros, sitúanse a ambas as dúas marxes da ría. Na primeira, na que sobresaen as actividades pesqueiras, destaca a estrutura pechada do seu núcleo e as súas rúas estreitas e empinadas, ás que se asoman tanto novos edificios como vellas casas mariñeiras pintadas —unha vez máis na costa galega— con vivas cores. En Laxe, máis comercial, é de destacar a súa igrexa do século XIV, cun fermoso deseño, e a rúa Real, con restos do seu pasado señorial.

No fondo da ría, na desembocadura do río Anllóns, máis alá do monte Branco, outro lugar no que o vento e a auga xerou unha espectacular paisaxe areenta, atópase Ponteceso. Neste lugar naceu o poeta Pondal que, con gran mestría, lles cantou non só a estas terras, senón que compuxo a fermosa letra do *Himno Galego*.

Igrexa de Laxe (A Coruña)

Golfo Ártabro

Río Mandeo, Betanzos (A Coruña)

As rías da Coruña, Betanzos, Ares e Ferrol están situadas no noroeste de Galicia. No seu conxunto, o sector coñécese como golfo ártabro, nome proveniente dos habitantes que, antes da chegada dos romanos, habitaban o sector —o pobo ártabro— e do porto que dominaba este amplo conxunto de rías, o *Artabrorum Portus*.

As rías do golfo ártabro debuxan, en certa medida, unha folla mariña que se incrusta en terra: a de Ferrol estírase lixeiramente cara ao nordés, igual cá de Ares, mentres que as de Betanzos e a da Coruña fano cara ao sur.

No seu conxunto constitúen unha unidade socioeconómica que se asenta nas cidades da Coruña e Ferrol, apoiada por vilas de gran tradición, como Sada, Betanzos, Pontedeume, Ares, Mugardos, Fene, Neda ou Narón.

A riqueza de paisaxes, que xorden tanto da presenza do mar coma da gran cantidade de ríos que desembocan nel, despois de atravesar profundas gargantas, como dunha dilatada historia, convértenas en lugares privilexiados para o visitante.

A costa, polo xeral baixa e rochosa, está salpicada de numerosas praias moi ben dotadas. As numerosas vilas e aldeas que marcan as súas ribeiras ofrécenlle ao visitante a posibilidade de gozar, tanto do baño coma das visitas a numerosos centros históricos e monumentos de interese, así como de degustar unha variada gama de pratos típicos, nos que os peixes e mariscos teñen un papel primordial, xunto coa repostería.

Os castelos de Santo Antón e Santa Cruz, na ría da Coruña; San Filipe e A Palma, na de Ferrol; as igrexas románicas de Cambre, Bergondo ou Breamo; os pazos de Meirás ou Meirama; os mosteiros de Caaveiro ou Monfero, ou os conxuntos monumentais de Betanzos ou Pontedeume son bos exemplos da riqueza artística das rías deste sector.

San Miguel de Breamo, Pontedeume (A Coruña)

Praia de Mera, Oleiros (A Coruña)

A Coruña

Porto pesqueiro e avenida da Mariña (A Coruña)

Galerías na avenida da Mariña (A Coruña)

Fonte e praia de Orzán (A Coruña)

Ría da Coruña

A ría da Coruña ábrese entre a punta do Seixo Branco, polo leste, e punta Herminia, polo oeste, e alóngase cara ao sur ata a desembocadura do río Mero. Polo oeste, aparece flanqueada pola península sobre a que se asenta a cidade da Coruña, mentres que, polo leste, a ría bordea unha costa ondulante que se estira cara ao Seixo Branco.

A intensa humanización do territorio maniféstase na profunda transformación das ribeiras e nun poboamento continuo que ten como núcleo de atracción a cidade herculina, que tende os seus tentáculos económicos bastante máis alá da súa propia ría, converténdose, sen dúbida, na cidade rectora do noroeste de Galicia.

Abrazando a Torre de Hércules, un dos faros máis fermosos de España e o máis antigo en funcionamento do mundo, A Coruña ábrese ao mar por medio dunha sinfonía de madeira e vidro que a converten na “cidade de cristal”. No seu interior, pódense ver fermosas estampas labradas en pedra, igrexas, pazos, rúas encantadoras, que son a delicia de calquera visitante.

Torre de Hércules (A Coruña)

Parque Celta (A Coruña)

Palacio da Ópera (A Coruña)

Museo Arqueolóxico (A Coruña)



Castelo de Santo Antón (A Coruña)

Club náutico e castelo de Santo Antón (A Coruña)

Ría da Coruña

Todo nesta cidade evoca o mar. Vista dende o ceo, parece que se vai desprender para volver converterse na illa que foi hai miles de anos. Dende a época romana viviu do comercio marítimo e hai apenas douscentos anos aínda o mar lambía as vellas casas da Mariña e dos Cantóns. Os seus portos comercial, pesqueiro e deportivo consolídana na súa vocación mariñeira. O seu paseo marítimo non fixo máis ca aproximar a cidade a este balcón do océano, que é o seu mar. A súa Torre de Hércules é o logotipo en pedra, prendido para sempre na retina de cantos visitan esta cidade.

A ría estaba antigamente defendida polos castelos de Santa Cruz, levantado no século XVII, situado no illote do seu nome, e polo de Santo Antón, construído no século XVI, na actualidade convertido en Museo Arqueolóxico da Coruña.

O porto da Coruña, que mantén a primacía no sector da pesca, especialmente na de altura, que foi historicamente a súa principal fonte de ingresos é, ademais, importante pola súa actividade comercial.

Tranvía (A Coruña)



Aquarium Finisterrae (A Coruña)

Vista aérea, Perbes-Miño (A Coruña)

La Terraza, Sada (A Coruña)

Rías de Ares e Betanzos

As puntas Coitelada, polo norte, e a punta Torrella, polo sur, flanquean a entrada dun tronco de mar que se introduce cara ao oeste bifurcándose en dúas rías —unha cara ao nordés, outra cara ao sur— que, como a da Coruña, son de pequena extensión, son as rías de Ares e Betanzos.

A súa situación, así como a súa configuración pechada, motivou a existencia dunhas condicións climáticas privilexiadas, caracterizadas pola suavidade das súas temperaturas e por unhas precipitacións moderadas que explican a importancia que adquiren nas ribeiras os cultivos de horta ou o viñedo.

Castelo dos Andrade, Pontedeume (A Coruña)



Torre de Andrade, Pontedeume (A Coruña)

Nestas terras, chamadas As Mariñas, combínase á perfección o desenvolvemento turístico coa mellor tradición histórica e artística, materializada nos cascos antigos de Betanzos ou Pontedeume, na Terraza de Sada, no voto de Chanteiro, iniciado no século XV, ou na igrexa románica de Bergondo, que dan fe do pulo dunhas terras nas que se impuxeron os brasóns da casa dos Andrade.

Rías de Ares e Betanzos

Betanzos ou Pontedeume constitúen conxuntos de enorme interese artístico, con centros históricos dignos de ser visitados, compostos por rúas estreitas e, nalgúns tramos, con soportais, aos que se asoman fermosos edificios de pedra granítica en forma de igrexas ou fortalezas medievais, como Santa María do Azogue ou San Francisco, do século XIV, na primeira, ou o torreón dos Andrades, construído entre 1370 e 1380, na segunda.

Redes ofrece a silueta única dunha vila pescadora pegada ao mar. Ares é vila turística, o mesmo que Sada que, ademais, é a capital do ocio da comarca e posúe, nas súas inmediacións, as torres de Meirás, pazo que habitou dona Emilia Pardo Bazán e, logo, o xeneral Franco, mentres que Miño se converte cada ano no lugar de chegada de moitos visitantes na busca da súa praia.



Igrexa de San Francisco, Betanzos (A Coruña)

Igrexa de San Francisco. Sepulcro de Fernán Pérez de Andrade, Betanzos (A Coruña)

Santa María do Azougue, Betanzos (A Coruña)



Pontedeume (A Coruña)

Vista aérea, ría de Ferrol (A Coruña)

Entrada ría de Ferrol (A Coruña)

Ría de Ferrol

Alongada de oeste a leste, a ría de Ferrol deseña o perfil dunha espada mariña que se incrusta no continente. Á súa boca, estreita, séguelle un estreito canón, que se abre camiño da desembocadura do río Grande de Xubia, onde volve estreitarse.

O cabo Prioriño e a punta do Segaño son os seus límites máis occidentais. Cando o navegante traspasa as puntas do Vispón e Redonda, a ría abre os seus horizontes e adquire unha forma ondulante coas enseadas do Baño, Mugardos e O Seixo, na súa ribeira meridional, e A Malata, Caranza e As Aceas, na setentrional.

A privilexiada configuración da ría determinou a súa elección como centro neurálxico da Mariña de guerra española no século XVII. Este feito condicionou a súa vida económica. Houbo que construír os castelos de San Carlos, San Cristovo, San Filipe e da Palma para a súa defensa. Deles, unicamente os dous últimos se conservan en bo estado.

Mugardos (A Coruña)

Ferrol (A Coruña)

Ferrol (A Coruña)

Ría de Ferrol

Na súa marxe setentrional sitúase Ferrol, sobre un relevo plano que ascende suavemente cara ao norte entre os barrios de Canido e Serantes. O barrio da Madalena, froito da racionalidade urbanística do século XVIII, adáptase á xeometría natural de liñas que se cortan. Cidade marítima e industrial, os seus mellores edificios están en relación directa coa Armada.

Os estaleiros e os servizos de abastecemento da Mariña e os cuarteis provocaron a atracción de Ferrol sobre a súa comarca que, progresivamente, foi perdendo os seus sinais de identidade. A mesma cidade, a partir do século XVIII, adquiriu unha racionalización xeométrica que se plasma no barrio da Madalena, pegado ao vello Ferrol, íntimo e mariñeiro.

A poucos quilómetros de Ferrol atópase a espléndida praia de Doniños, orientada cara ao mar aberto. Asociada a ela, xerouse a lagoa de Doniños, unha preciosa paraxe natural.

Arredor da ría, malia a súa intensa transformación, aínda se poden atopar fermosas estampas mariñeiras. É o caso da vila de Mugardos, que se cingue á forma redondeada da súa enseada, A Graña, Fene, Neda ou Narón, que aínda conservan fermosos recantos. Outro tanto sucede coas aldeas de pasado mariñeiro, como O Seixo, San Felipe ou Maniños.

Praia de Ponzos, Ferrol (A Coruña)

Praia de Doniños, Ferrol (A Coruña)

Illa Coelleira, O Vicedo (Lugo)

Rías Altas

Ao norte do golfo ártabro atópase un conxunto de pequenas rías que, debido á súa situación latitudinal, son consideradas como “altas”. As máis occidentais, Cedeira, Ortigueira, O Barqueiro e Viveiro son máis amplas e presentan tramos de costa acantilada e abrupta aínda que, no seu interior, se abren espléndidos areais, como os de Vilarrube en Cedeira, Morouzos en Ortigueira ou Covas en Viveiro. As orientais son de menor tamaño e o perfil da súa costa é máis suave.

Os habitantes situados nestas rías estiveron secularmente illados de Santiago, centro histórico de Galicia, e das rutas terrestres co interior da península. Por iso, abríronse ao mar, a súa saída natural, e foron sempre portos pesqueiros, de baleas e túnidos especialmente, e núcleos fundamentais no comercio do liño e do cánabo, cos países bálticos. Isto explica a aparición de alfándegas en Viveiro, no século XVI, e en Ribadeo, e a existencia dunha escola de pilotos en Ribadeo, durante o século XIX.

A distancia dos centros universitarios determinou a creación do Centro de Estudos de Gramática en Viveiro, no século XVI, a denominada Escola da Natividade, e en Ribadeo, no século XVIII. Vilas moi celosas dos seus privilexios reais todas elas, Cedeira, Ortigueira, Viveiro e Ribadeo, teñen as súas orixes na Idade Media.

Ría de Cedeira

Esteiro, Mañón (A Coruña)

Valdoviño (A Coruña)

Ría de Cedeira, (A Coruña)

Ría de Cedeira

A ría de Cedeira presenta a forma dun dobre U, no fondo da cal se xeraron os areais de Santo Isidro, cara ao leste, e Vilarrube, cara ao sur.

Entre a punta Chirlateira e o areal de Vilarrube —unha dobre frecha areenta na que aínda perviven fermosas acumulacións dunares—, na súa marxe esquerda, os acantilados que flanquean a península que forma o monte Burneira son unha constante. Verticais na súa maioría, son o lugar elixido polos amantes dos ventos e das ondas.

Na marxe norte da ría, na desembocadura do río Condomiñas, sitúase Cedeira, que vive da pesca, do marisqueo e do turismo. As rúas que ascenden por empinadas abas albergan moi bos exemplos da fermosa arquitectura tradicional que dominaba por estas terras, que se plasma en balconadas e galerías.

Praia de Vilarrube, Cedeira (A Coruña)

San Andrés de Teixido, Cedeira (A Coruña)

Praia de Pantín, Cedeira (A Coruña)

Ao norte de Cedeira, camiño dos montes Eixil ou da Candieira e da serra da Capelada, o litoral volve alzarse. Os acantilados son unha constante ata chegar á ría de Ortigueira. No medio desta paisaxe profundamente brava, atópase San Andrés de Teixido, un lugar inseparable de Cedeira, centro de interese relixioso e etnográfico da comarca pola supervivencia de cultos animistas e precristiáns.

A “herba de namorar”, o culto ás pedras e ás augas fan acto de presenza. O santuario de Santo Andrés de Teixido é visitado por miles de peregrinos porque, segundo a lenda, “a San Andrés de Teixido, vai de morto quen non foi de vivo”. Os romeiros depositaban pedras no camiño e recollían a herba chamada de namorar.

A serra da Capelada destaca non só polos seus impresionantes acantilados —ata 612 m alcanzan en Vixía Herbeira— senón tamén pola súa riqueza xeolóxica. Neste lugar atópanse rochas do manto, como serpentinitas ou eclogitas, moi difíciles de ver no noso planeta. Por iso, dende antigo, chamou a atención de investigadores de todo o mundo.

Vista aérea, Loiba-Ortigueira (A Coruña)

Ría de Ortigueira (A Coruña)

Ría de Ortigueira

Entre as puntas de Estaca de Bares, polo norte, e o cabo Ortegal, os vértices máis setentrionais da Península Ibérica —"de fino e agudo debuxo de lanza", o primeiro e "empenado Ortegal", o segundo, en palabras de Otero Pedrayo— ábrese a boca da ampla ría de Ortigueira e o seu apéndice do Ladrido. Fronte a el, a illa de San Vicente.

Este brazo de mar, un amplo abano que penetra cara ao sur, aparece encaixado entre a serra da Capelada, ao oeste, e a serra da Faladoira, ao leste. Polo sur, a ría convértese en marisma, a medida que se achega á desembocadura dos ríos Mera e Baleo.

A suavidade das temperaturas ao longo do ano e a abundancia de precipitacións explican a exuberante vexetación e a riqueza de maceiras que, no sector de Mera, se converten no seu elemento distintivo.

As vilas de Ortigueira, na marxe oriental, e Cariño, na occidental, canalizan a actividade económica da comarca. A primeira, capital do antigo condado de orixe medieval, é máis comercial e turística; a segunda, porto de importancia, vive da pesca e da súa transformación industrial. Xunto a elas destaca o porto de Espasante, outro lugar no que as actividades pesqueiras son prioritarias.

Ortigueira (A Coruña)

Praia de Esteiro, Estaca de Bares (A Coruña)



Ría de Ortigueira, (A Coruña)

Ría do Barqueiro

Ría do Barqueiro

A ría do Barqueiro está moi ben limitada, tanto por oriente coma por occidente. Polo oeste, flanquéaa a península de Bares, unha estreita franxa de terra que se alonga cara ao océano, onde forma o seu vértice máis setentrional o cabo de Estaca de Bares. Aquí, ao pé do vello faro, álzase o primeiro parque eólico de Galicia. Moi preto, os vellos muíños de auga reflicten a sabedoría popular.

Dende o monte Facho de Maeda, que se eleva ata os 331 metros, os amigos das camiñadas teñen un miradoiro excepcional sobre o litoral cantábrico que aquí comeza. Se nos achegamos ata o lugar chamado Semáforo de Bares, unha antiga batería de costa, contémplase a boca da ría. Aos seus pés sitúase Bares, pequeno e acolledor porto mariñeiro co seu peirao ciclópeo, cuxa orixe se lles asigna ós fenicios e que, polos restos arqueolóxicos atopados, parece ser anterior á romanización (século I). Enfronte, no sector oriental da boca da ría, a illa Coelleira, que recibía na Idade Media o nome de *Cunicularia*, pola abundancia de coellos e que, actualmente, é outro lugar privilexiado para contemplar o paso das aves migratorias.

No interior da ría, os portos do Vicedo e do Barqueiro poñen a súa nota de cor e calor humana. No seu fondo, alí onde as augas do río Sor se funden coas mariñas, atópanse a illa e o lugar de Negradas, un bo exemplo de aldea campesiña.

A vila do Barqueiro é unha das estampas máis fermosas do litoral cantábrico. Está situada nun suave anfiteatro aberto polo río Sor. As casas apíñanse trepando polas empinadas abas e todo o conxunto é dunha beleza extraordinaria.

Bares, Mañón (A Coruña)

Ría do Barqueiro

Viveiro (Lugo)

Ría de Viveiro

Entre a punta do Faro, ao leste, e a punta Fuciño do Porco, ao oeste, ábrese a boca da ría de Viveiro que, a xeito de uve encaixado, penetra cara ao sur, onde se funde co val do río Landro, que discorre no medio de abas empinadas. O feito de estar encaixada entre outeiros, facilita a ascensión a varios deles e, de aí, as vistas que podemos contemplar dende este lugar. Así, se subimos ata o monte Faro ou ata o monte de San Roque, neste caso ao pé dunha fermosa ermida, podemos contemplar en toda a súa amplitude as paisaxes costeiras.

A ría e os seus arredores combinan elementos gratos para calquera viaxeiro. Non só se pode admirar a fermosa e recollida vila de Viveiro, que centra a actividade administrativa e comercial da comarca, e que garda moitos dos restos do seu pasado medieval, senón que tamén se pode visitar o porto pesqueiro de Celeiro ou a praia de Area, onde a lenda fala da existencia dunha cidade asolagada, como castigo pola súa resistencia a aceptar do apóstolo Santiago a predicación do Evanxeo.

Porta de Carlos I, Viveiro (Lugo)

Igrexa de San Francisco, Viveiro (Lugo)

De orixe medieval, Viveiro foi considerado por Molina no século XVI como “unha das xentís vilas deste reino”. Comercial e pesqueira durante séculos, foi no século XIX importante centro mineiro. Dende 1891, ten o título de cidade. O conxunto da parte antiga segue a ser un dos máis fermosos de Galicia.

Da antiga muralla, Viveiro aínda conserva tres portas: a Maior ou Porta do Castelo (século XVI), declarada Monumento Nacional, a do Valado e a da Vila. No seu interior sobresae a igrexa románica de Santa María do Campo, do século XII, ou a gótica de San Francisco, do século XIV. Ademais, nas súas proximidades atópase San Pedro de Viveiro, antiga sede da cidade (Monumento Nacional), o convento de Miraflores, ou o lugar do Naseiro, onde se celebra, a finais de agosto, unha típica romaxe. Nos seus arredores atópase o bosque de Chavín, cos seus espectaculares eucaliptos.

Na marxe occidental da ría, Covas converteuse nunha zona residencial e turística e os seus edificios contrastan fortemente cos do núcleo antigo.

Foz (Lugo)



San Martiño de Mondoñedo, Foz (Lugo)

Ría de Foz

San Martiño de Mondoñedo, Foz (Lugo)



Retablo pétreo San Martiño de Mondoñedo, Foz (Lugo)

A ría de Foz non é nada máis ca unha pequena pincelada mariña debuxada na chaira costeira. Non obstante, as amplas praias que a bordean convértena nun lugar excepcional. Foz, coma outras moitas vilas do norte peninsular, afunde as súas raíces nos séculos medievais aínda que, nos últimos anos, experimentou un poderoso crecemento económico. Porto pesqueiro de baixura, é unha das capitais máis significativas da Mariña. Centro comercial e administrativo, convértese durante o verán nun centro turístico de primeira orde.

Nas súas proximidades, en San Martiño de Mondoñedo, levántase a basílica, hoxe igrexa parroquial, de alto interese histórico artístico. Fundada no século X, foi construída ao longo dos séculos XI ao XIV, sendo a primeira sé do bispado de Dumio.

Foz (Lugo)

Ría de Ribadeo

Praia das Catedrais, Ribadeo (Lugo)

Ría de Ribadeo

A ría de Ribadeo, á que leva as súas augas o río Eo, é a máis oriental das galegas, que une máis que separa de Asturias. Presenta unha forma alongada que se estira de norte a sur, incrustándose nos municipios de Ribadeo, na súa marxe occidental, e Castropol, na oriental.

As vilas de Figueras, Castropol e Vegadeo, na súa marxe asturiana, e Ribadeo, na galega, centralizan a vida das comarcas do Eo. Nelas concéntranse as actividades comerciais e pesqueiras.

Ribadeo é un compendio de historia, dende o medievo ata os nosos días. Sé episcopal da diocese de Mondoñedo durante a Idade Media, no século XVIII a poderosa burguesía deixou a súa pegada urbanística na vila. O pazo do primeiro Marqués de Sargadelos, poderoso industrial, hoxe serve de casa consistorial. Na Casa do Patín instalouse a Escola de Náutica no século XIX. Na actualidade, a vila é o centro comercial máis importante do norte. Das súas magníficas praias destaca a das Catedrais, denominada así pola estrutura dos acantilados, a xeito de arcobotantes góticos.

Torre dos Moreno, Ribadeo (Lugo)

Praia das Catedrais, Ribadeo (Lugo)

Neste lugar, tras unha primeira impresión de uniformidade, escóndese o máis espectacular conxunto de furnas (covas) mariñas de Galicia. Acantilados verticais encadéanse con columnas pétreas que lle serven de antesala a un rosario de covas, en ocasións conectadas entre si por profundos pasadizos. Un lugar digno de visita e que serve de pórtico ou epílogo excepcional a calquera visitante que chega a Galicia ou que se despide dela.

Ría de Ribadeo (Lugo)